

O PSOE aposta pola renovación na candidatura de Pantón con Pedro Rodríguez Palacio ao fronte

Este empresario, que concorre por primeira vez nunha lista electoral, agradeceu a confianza depositada no seu proxecto baseado “na necesidade de cambiar as cousas”. “Presentámonos como unha oportunidade de cambio, como unha alternativa ás políticas do PP que, no noso concello, actúa baixo a desilusión, levando ao derrotismo”, subliñou

A prioridade dos socialistas de Pantón son os nosos veciños e veciñas e, por iso, “traballaremos para darlles o mellor, desenvolvendo políticas que sexan capaces de atender as súas necesidades, apostando polo progreso do municipio, por que nós creemos no seu futuro”

O secretario Xeral dos socialistas de Galicia, -José Ramón Gómez Besteiro-, e o secretario Provincial, -Juan Carlos González Santín-, participarán mañá na presentación das candidaturas que concorrerán o vindeiro 24 de maio para acadar as alcaldías de Pedrafita, Sarria e Monforte

PANTÓN, 15 DE ABRIL DE 2015.- Os socialistas de Pantón veñen de aprobar a Pedro Rodríguez Palacio como candidato á alcaldía para as eleccións municipais do vindeiro mes de maio. Este empresario de 44 anos lidera a lista socialista do municipio que presenta unha renovación case absoluta.

Neste senso, o candidato explicou que “é unha lista con moita renovación, con xente nova e moi preparada, con moitas ganas de cambiar as cousas e mellorar o municipio, pero sempre apoiándonos en xente con moita experiencia, como é co caso dos concelleiros saíntes do PSOE, que tamén forman parte da nova lista”.

Rodríguez Palacio agradeceu a confianza depositada no seu proxecto baseado “na necesidade de cambiar as cousas”. “Presentámonos como unha oportunidade de cambio, como unha alternativa ás políticas do PP que, no noso concello, actúa baixo a desilusión, levando ao derrotismo”, subliñou . O alcaldable indicou que “fronte a un goberno popular que non cree no futuro e que non plantexa nada, os socialistas apostamos por unha idea de goberno dinámica, coa vontade de facer cousas, de desenvolver o municipio, de facer posible un futuro mellor para a cidadanía”.

Creemos no futuro

A prioridade dos socialistas de Pantón son nosos veciños e veciñas e, por iso, “traballaremos para darlles o mellor, desenvolvendo políticas que sexan capaces de atender as súas necesidades, apostando polo progreso do municipio, por que nós creemos no seu futuro”.

A lista electoral aprobada polos socialistas de Pantón é a seguinte:

- 1.- Pedro Rodríguez Palacio, empresario.
- 2.- Mario Sánchez San Emeterio, Presidente do comité de empresa Balneario de Ferreira.
- 3.- Roberto Prado Díaz, funcionario.
- 4.- Ariadna López González, estudante.
- 5.- Antonio Blanco Rodríguez, operario forestal.
- 6.- Ramón Quiroga Rodríguez, autónomo.



NOTA DE PRENSA

- 7.- Victoria Magdalena López, enxeñeiro técnico agrícola.
- 8.- Camilo Vázquez Goyanes, empregado da construción.
- 9.- Jesús Viente López Quiroga, empresario.
- 10.- Terri Anderson, xubilada.
- 11.- Manuel Dacosta Ribera, empresario.
- Suplente 1.- Jose Antonio Soengas Vázquez, médico.
- Suplente 2.- Luis González Pérez, autónomo.
- Suplente 3.- Egoitz de Arriba Castro, maquinista de TRAGSA.

Besteiro e Santín coas candidaturas de Pedrafita, Sarria e Monforte

Por outra banda, o secretario Xeral dos socialistas de Galicia, -José Ramón Gómez Besteiro-, e o secretario Provincial, -Juan Carlos González Santín-, participarán mañá na presentación das candidaturas que concorrerán o vindeiro 24 de maio para acadar as alcaldías de Pedrafita, Sarria e Monforte.

O horario das presentacións será ás 15:00 horas en Pedrafita, ás 18:00 horas en Sarria e ás 21:00 horas en Monforte.